

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014544	IES Indalecio Pérez Tizón	Tui	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica elabórase segundo as directrices que establece o anteproxecto do decreto do currículo de educación secundaria obrigatoria (borrador publicado o luns, 06/06/2022 ) por el que se establece la ordenación y el currículo de la educación secundaria obrigatoria en la Comunidade Autónoma de Galicia. A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE) modifica o marco normativo básico da lexislación educativa no universitaria vixente en España. En concreto modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) e a Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (LODE). O Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria.)

I.E.S. Indalecio Pérez Tizón está situado no municipio de Tui que é fronteira con Portugal, na comarca do Baixo Miño, ao sur da provincia de Pontevedra.

O alumnado que asiste ao IES nos niveis obrigatorios é na súa maioría das parroquias do concello salvo algunhas excepcións de alumnado do centro urbano. Os centros de Primaria adscritos ao IES son o CEP de Caldelas, o CEIP de A Gándara-Guillarei e o CEIP de Rebordáns, que pertencen as parroquias do seu mesmo nome. Pero tamén recollen alumnado das parroquias de Ribadelouro, Paramos e Baldráns.

Oferta educativa:

Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

BACHARELATOS: Ciencias Sociais e Humanidades, Ciencia e Tecnoloxía.

Formación Profesional Básica (F.P.B.) 1 e 2 de Electricidade e Electrónica.

CICLOS FORMATIVOS:

Ciclo Medio de Electricidade e Instalacións Eléctricas e Automáticas.

Ciclo Medio de Comercio e Actividades Comerciais.

Ciclo Superior de Xestión de Ventas e Espazos Comerciais

Educación de Adultos (E.S.A.) presencial. Módulos 1, 2, 3 e 4.

Xustificación da programación

Na presente programación recóllense as directrices que serán aplicadas durante o curso 2022-23 na materias de 3º da ESO. Esta materia esta impartida por a profesora María de los Ángeles Velázquez Pérez, xefa do departamento de debuxo e artes plásticas.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

As artes plásticas, visuais e audiovisuais diríxense cara á adquisición dun pensamento que se concreta en formas, actos e producións artísticas, e que posúe a capacidade de xerar propostas orixinais respondendo ás necesidades do individuo. Supoñen, ademais, a posibilidade de actuar sobre a realidade creando respostas que prolonguen e amplíen a capacidade expresiva do ser humano.

Trátase de promover unha aprendizaxe dinámica e transversal baseada en competencias o que fomenten unha aprendizaxe permanente. O enfoque metodolóxico pretendemos que sexa motivador e capaz de xerar unha aprendizaxe significativa, capaz de integrar de xeito harmónico as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual integra todas as dimensións da imaxe (plástica, fotográfica, cinematográfica e mediática), así como a súa forma, que varía segundo os materiais, as ferramentas e os formatos utilizados. A imaxe, que pode ser bidimensional ou tridimensional, figurativa ou abstracta, fixa ou en movemento, concreta ou virtual, duradeira ou efémera, amósase a partir das diferentes técnicas que foron ampliando os rexistros da creación. A chegada dos medios tecnolóxicos contribuíu a enriquecer a disciplina, diversificando as imaxes e democratizando a práctica artística, así como a recepción cultural, pero tamén aumentou as posibilidades da súa manipulación. Por este motivo, resulta indispensable que o alumnado adquira os coñecementos, as destrezas e as actitudes que cómpren para analizar as imaxes criticamente, tendo en conta os medios de produción e o tratamento que se fai delas, co fin de cimentar un definido espírito crítico fronte ás diversas manifestacións estéticas.

A materia dá continuidade ás aprendizaxes da área de Educación Plástica e Visual da etapa anterior, así como a comprensión das súas linguaxes, a través da súa posta en práctica na realización de diversas clases de producións. Esta alfabetización visual permite unha adecuada análise das imaxes e o desenvolvemento dun xuízo crítico sobre estas. Ademais, dado que a expresión persoal se nutre das achegas que realizaron ao longo da historia, favorece a educación no respecto polo patrimonio cultural e artístico, e a súa posta en valor.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que emanan dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A orde en que aparecen os obxectivos da materia non é vinculante, polo que poden traballarse simultaneamente, mediante un desenvolvemento entrelazado.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución destes por parte do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia articúlanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión artística e gráfico-plástica: técnicas e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas, ademais dos factores e as etapas do proceso creativo. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual require situacións de aprendizaxe que supoñan unha acción continua combinada con reflexión, así como unha actitude aberta e colaborativa, coa intención de que o alumnado desenvolva unha cultura e unha práctica artística persoais e sostibles. Estas situacións, que poñen en xogo as diferentes competencias da materia, deben estar vinculadas a contextos próximos ao alumnado, que favorezan a aprendizaxe significativa, que esperten a súa curiosidade e interese pola arte e as súas manifestacións, e que permitan desenvolver a súa identidade persoal e a súa autoestima. O deseño das situacións de aprendizaxe debe buscar o desenvolvemento do pensamento diverxente, apoiándose na diversidade das manifestacións culturais e artísticas. As achegas teóricas e os coñecementos culturais han de ser introducidos polo profesorado en relación coas preguntas que expoña cada situación, permitindo así que o alumnado adquiera métodos e puntos de referencia no espazo e o tempo para captar e explícita a natureza, o sentido, o contexto e o alcance das obras e dos procesos artísticos estudados

E para rematar esta introdución, indicar que consideramos a programación unha ferramenta flexible que debe adaptarse as necesidades que xurdan durante o proceso de ensino-aprendizaxe. Polo tanto, a temporización non está para seguila tal como se presenta senón que se adaptará á evolución do curso e ás necesidades propias do proceso de ensino-aprendizaxe

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se convirten no testemuño dos valores e das convicións de cada perso e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			1-3	1-2		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	1-2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		1-3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		1-3	4

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego.	Os distintos xéneros artísticos e as manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.	5	4	X		
2	A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.	A xeometría na natureza, na arquitectura e no deseño de obxectos cotiáns. Xeometría plana. Introducción ás tanxencias e enlaces.	24	17	X		
3	Sistema diédrico: vistas.	Introdución aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.	15	12	X	X	
4	A percepción visual. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva.	Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores. Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. A composición: conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.	10	4		X	
5	O proceso creativo.	Factores e etapas do proceso creativo. O esbozo. Elección de materiais e técnicas. a realización a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.	8	3		X	X
6	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións.	Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.	14	10		X	
7	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións.	O volume: exemplos e características expresivas.	14	10			X
8	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación.	Lectura e análise da imaxe visual e audiovisual. Imaxe en movemento. O cine e a animación: características, orixe e evolución. Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.	10	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do patrimonio galego a través do coñecemento de obras de arte e a súa conservación.	PE	45
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética respectando a diversidade cultural.		
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas propostas plásticas significativas e analízalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Ser quen de recoñecer minimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función desde unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto.	TI	55
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte.		
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os xéneros artísticos.</li> <li>- Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.	17

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.		PE	75
CA1.5.1. - Argumentar e recoñecer os aspectos formais das obras de arte e da natureza en relación ás formas xeométricas.	Saber recoñecer, analizar e argumentar sobre aspectos formais relacionados coa xeometría da nosa contorna.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.			
CA2.4.1. - Realizar proxectos gráficos axustándose a tarefa solicitada amosando iniciativa no emprego dos principios xeométricos.	Realizar tarefas prácticas e exercicios de xeometría partindo dos exemplos na natureza e na arte.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.			
CA3.3.1. - Utilizar con creatividade os exemplos xeométricos presentes na contorna, tanto naturais como arquitectónicos, artísticos ou pertencentes ó ámbito do deseño.	Utilizar con fins creativos exemplos xeométricos da nosa contorna e aplicarlos a producións novedosas propias.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación e da xeometría, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	TI	25
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os distintos usos e funcións que nos ofrece a xeometría e argumentar acerca das oportunidades que pode xerar cunha actitude aberta e con curiosidade por coñecer a súa importancia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns.</li> <li>- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.</li> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Sistema diédrico: vistas.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación. Coñecer os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese a través da práctica de exercicios do sistema, neste caso diédrico.	PE	60
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal e, nun futuro, profesional.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer, dun xeito básico, os diferentes usos que pode ter os sistema diédrico e a croquización a partir das vistas. Argumentar sobre as posibilidades técnicas que poden xerar con interese por coñecer a importancia do debuxo técnico e os sistemas de representación na sociedade.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.</li> <li>- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	A percepción visual. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva.	4

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	PE	65
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.	TI	35
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.</li> <li>- A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores.</li> <li>- A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	O proceso creativo.	3

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	75
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Ser quen de realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráfico-plásticas.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.
- Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas en dúas dimensións, secas e húmidas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	65
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar, dun xeito sinxelo, con creatividade, referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas para poder xerar mensaxes propias, axustándose ao solicitado.	TI	35
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	45
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias artísticas e culturais da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.	TI	55
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.</li> <li>- Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	PE	50
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, minimamente, as características das distintas técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude aberta, e amosando interese por coñecer a súa importancia na nosa sociedade.		
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.	TI	50
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.</li> <li>- Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación.</li> <li>- Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual de 3º da ESO é unha continuidade e ampliación do currículo de 1º e terá algúns contidos comúns a materias como Matemáticas e Tecnoloxía especialmente nos referidos á xeometría.

Seguiremos introducínolos no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, repasando as obras máis representativas da historia da arte. Tamén profundizar nos mecanismos que nos permiten trasladar, desde a normalización e os sistemas de representación, os obxectos imaxinados ou reais ao papel ou á pantalla. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

A metodoloxía empregada centrarase no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores operativos máis afíns a área. Potenciará especialmente o desenvolvemento da competencia artística do alumnado, expresada no currículo da LOMLOE como Conciencia e expresións culturais (CEC) entendida en toda a súa amplitude, de xeito que se articulan os procesos de comprensión dos feitos, desde o postulado, Saber Ver/Saber Analizar/Saber Facer, e coordinándose coas outras competencias clave: Comunicación lingüística (CCL), Competencia plurilingüe (CP), Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e enxeñaría (STEM), Competencia dixital (CD), Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA), Competencias cidadá (CC), Competencia emprendedora (CE), na procura de dotar aos alumnos e alumnas dos instrumentos esenciais para que alcancen o seu desenvolvemento persoal, resolvan de maneira ética, crítica e sostible situacións e problemas nos distintos ámbitos da vida, busquen e aproveiten oportunidades de mellora, desenvolvan a súa socialización, continúen o seu itinerario formativo e participen activamente na sociedade.

En cada unidade didáctica realizarase unha exposición teórica baseada nos apuntamentos, apoiada en imaxes, presentacións ou vídeos. A continuación realizaranse preguntas sobre o exposto e/ou debate participativo. Fomentarase o intercambio de opinións e experiencias persoais.

Proporanse unha serie de prácticas ou actividades para realizar na aula, que versarán sobre os contidos expostos. Estas prácticas ou exercicios poderán ser individuais ou en grupo. Realizarse controis das unidades didácticas.

ESTAS ACTIVIDADES PÓDENSE CLASIFICAR EN:

1. Actividade introductoria: nela explícase en que consisten os contidos da unidade didáctica, e como se van desenvolver.
2. Actividade de coñecementos previos: emprégase para determinar o grao de coñecementos previos dos alumnos acerca dos contidos da unidade didáctica.
3. Actividade motivadora: desenvólvese de xeito que sirva de estímulo aos alumnos.
4. Actividade de desenvolvemento de conceptos : consiste na exposición do tema por parte do profesor.
5. Actividade de exercicios: nela, son os alumnos os que traballan.
6. Actividades de ampliación e reforzo: a súa función é atender á diversidade.
7. Actividade de síntese: serve para concretar ou resumir os contidos básicos da unidade didáctica.
8. Actividade de vocabulario: emprégase para atender os obxectivos xerais da etapa, ao mesmo tempo que cubre a necesidade lingüística dos alumnos, desenvolvendo a súa capacidade de expresión e comprensión de termos específicos da materia.
9. Actividade de avaliación: serve para determinar o grao de consecución dos obxectivos e da adquisición das competencias clave, a través da avaliación dos criterios establecidos. Proporanse exercicios de ampliación para o alumnado que remate o traballo da aula.

UNIDADES DIDÁCTICAS TRANSVERSAIS

En canto ao propio currículo deste curso, nesta materia, consideramos que as unidades didácticas referidas ó debuxo técnico e aos sistemas de representación poden darse nos tres trimestres. Deste xeito, coa alternancia de contidos, os elementos curriculares son menos monótonos e se estenden máis no tempo axudando a adquisición dos procedementos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario axeitado para un taller artístico escolar: vertedoiro e billas, mesas amplas, andeis para gardar materiais e expoñer traballos e poder comentalos.
Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.
Aula informática do centro.
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Materiais pictóricos funxibéis: carbón, lapis conté, sanguina, pinturas acrílicas ou témperas coas cores primarias, branca e negra.
Materiais para estampa e gravado.
Materiais para modelado.
Libros de arte para poder consultar, tanto de temas técnicos como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc
Recursos de internet como páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.

O departamento conta con dúas aulas con encerado, con ordenador e canón proxector, con mesas grandes de taboleiro abatible e que dispoñen tamén de auga corrente.

Por parte do ALUMNADO, necesario para a realización as proposta:

- Papel para debuxo (normalmente DIN A-4)
- Lapis de diferentes durezas (HB e 2B ou 3B) e goma branda.
- Lapis de cores acuarelables.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos nº 12
- Regra (escadra e cartabón) e compás.

Por parte da PROFESORA, os recursos van desde as propias explicacións e correccións posteriores tanto individuais como en grupo, ata fotocopias, diferente bibliografía, o ordenador, páxinas web e presentacións axeitadas a cada tema da materia que axudan á exposición do mesmo e á súa comprensión por parte do alumnado.

Na aula tamén dispoñemos de material propio do debuxo necesario para a realización dos exercicios por parte dos alumnos como cabaletes, tórculo, muniqués, estatuas de escaiolas, tec..

### RECURSOS DIXITAIS

Os materiais dixitais (vídeos, presentacións, animacións...) asociados á unidade.

Empregaremos a web como recurso didáctico para que os alumnos accedan a información relevante sobre a materia . Na aula virtual do centro creárase un curso onde se colgaran diferentes contidos, vídeos, etc que faciliten a



compresión da materia e utilizaranse como medio de comunicación entre a profesora e o alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A LOMLOE no seu Artigo 28, establece que o alumno ou alumna accederá ao ciclo educativo ou etapa seguinte cando se considere que alcanzou as competencias básicas previstas na lei.

### 1. PROPOSTA DE EVALUACIÓN INICIAL:

Ao principio do curso realizarase unha avaliación diagnóstica inicial das competencias básicas acadadas polos alumnos na etapa anterior; observando que non importan só os contidos de tipo conceptual, senón tamén o modo de aplicalos, as destrezas necesarias para elo, actitudes... e a necesaria consideración do contexto socioeconómico de cada estudante. Con esta avaliación preténdese basicamente mellorar o rendemento educativo.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

### 2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidente coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

### 3. TOMA DE DECISIONS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>24</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	45	75	60	65	75	65	45	50	<b>62</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	55	25	40	35	25	35	55	50	<b>38</b>

## **Criterios de cualificación:**

Durante o curso realizaranse avaliacións e una final nas que se valorarán as probas escritas e gráficas, os exercicios ou prácticas propostas (realizados na aula e na casa, tanto individuais como en grupo) así como o comportamento e a actitude ante a materia.

# **CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN**

Os criterios de avaliación organízanse nas unidades didácticas desenvolvidas segundo as unidades didácticas contidas na programación. A avaliación é continua.

## **1. AVALIACIÓN CONTINUA**

### **• PRACTICAS OU TAREFAS DE AULA E/OU PARA CASA**

- a) Os alumnos terán que realizar as tarefas para casa obrigatoriamente no caso de non terminalas nas sesións establecidos na clase. Para asegurar que teñen un seguimento diario da materia, porque ten un carácter eminentemente práctico.
- b) Na súa valoración terase en conta a presentación, a limpeza e destreza técnica na realización dos diferentes exercicios.
- c) Valorarase a realización e exposición en grupo de traballos monográficos empregando as TIC's. E de non realizarse nalgunha avaliación, a súa porcentaxe no cálculo da nota de avaliación, sumaríase ao apartado das prácticas.
- d) Valorarase, a criterio das profesoras, a realización de prácticas ou tarefas complementarias e voluntarias, que serán valoradas independentemente e só para subir a nota na avaliación final.
- e) É necesario e imprescindible presentar en prazo todas e cada unha das tarefas, exercicios e prácticas propostas polo profesor para aprobar a avaliación. De non ser así, queda a decisión das profesoras a posibilidade de avaliar negativamente ao alumno, podendo establecer a penalización na nota da avaliación que estime conveniente.
- f) O prazo de recollida das tarefas ou prácticas propostas polas profesoras será o establecido no momento de explicación das mesmas. Pasado este tempo, a profesora decidirá a pertinencia ou non da súa recollida e corrección.
- g) Corrixiranse devanditas tarefas no prazo de tempo máis breve posible.

### **• EXAMES OU PROBAS OBXECTIVAS:**

- a) Os alumnos realizarán os exames nas datas que estipula o profesor, que procurará buscar o consenso coa maioría do alumnado. Unha vez consensuado o calendario de exames, de ser posible ao inicio do curso, terá carácter inamovible salvo causa xustificada e/ou de común acordo.
- b) Están previstos 1 ou 2 exames por avaliación.
- c) Cando nunha mesma avaliación ou trimestre se realice un exame que abrangue contidos doutro anterior, no cálculo da nota da avaliación valorarase nunha porcentaxe maior o segundo exame.
- d) Os exames de recuperación por avaliación, segundo criterio do profesor, realizarase no avaliación seguinte. A excepción da proba final de recuperación que se realizará no mes de xuño.
- e) A estrutura dos exames consistirá nunha batería de cuestións ou exercicios que se valorarán de 0 a 10 puntos. Poderán incluírse tanto cuestións de tipo práctico como teórico.
- f) Os exames serán revisados polos alumnos e o profesor nunha sesión de clase, que servirá para resolver as dúbidas que se presenten.
- g) Estes criterios, necesarios para acadar o aprobado, serán aplicables a condición de que o alumno ou a alumna presente o 100% das prácticas, exercicios e/ou traballos requiridos. Noutro caso, o profesor decidirá se cos exercicios presentados polo alumno/a pode avalialo/a positivamente

## **2. CRITERIOS DE CUALIFICACION**

As profesoras informarán ao principio de curso aos seus alumnos/as sobre os criterios de cualificación da materia. Ao longo do curso académico o alumnado realizará exercicios ou prácticas e exames ou probas obxectivas que serán avaliadas co sistema numérico do 0 ao 10. As avaliacións cualificaranse co sistema numérico do 1 ao 10, sendo necesario para a superación de cada unha das avaliacións unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

A continuación figuran as PORCENTAXES que supoñen os diferentes instrumentos de avaliación para a configuración da nota global de avaliación son:

- VALORACIÓN DAS PRÁCTICAS E TRABALLOS INDIVIDUAIS 30 %. Refírese a nota media das láminas ou propostas prácticas feitas na avaliación, o que suporá ou non a asimilación dos contidos conceptuais que preceden a cada actividade. Exercicios gráfico-plásticos e actividades de clase.

- VALORACIÓN DOS EXERCICIOS DE CLASE 10 %. Observación na aula: Participación activa na clase. Presentación diaria en clase dos materiais e instrumentos propios para o traballo na aula. Asistencia puntual as clases. Actitude do alumno/a fronte ás propostas, así como a súa predisposición á experimentación, capacidade crítica cos seus propios resultados, o nivel de esforzo e curiosidade, así como de respecto á materia.

- EXAMES OU PROBAS OBXETIVAS INDIVIDUAIS REALIZADOS NA AVALIACIÓN 60 %. (Probas orais sobre coñecementos teóricos. Probas teórico-prácticas. Probas prácticas).

Os alumnos teñen que ter unha nota mínima nos exames ou probas obxectivas individuais de 3 para poderlle sumar o resto de notas. As correspondentes a prácticas e traballos e a actitude respecto a materia.

3. OUTRAS CONSIDERACIÓNS que teremos en conta para a cualificación dos nosos alumnos e alumnas son:

a) A nota da avaliación final, como norma xeral, será a media aritmética das avaliacións. non obstante, poderanse valorar de diferente maneira as avaliacións, atendendo as circunstancias especiais (problemas de saúde, familiares) que poden presentar algúns determinados alumnos e alumnas.

b) Para aprobar o curso a nota da avaliación final debe ser igual ou superior a 5.

c) Cando ao realizar o cálculo dunha nota de avaliación dea unha cifra decimal, a nota aproxímarase a cifra enteira máis próxima.

d) A nota da avaliación final pode non coincidir coa nota media das tres avaliacións (No mes de xuño o alumnado realizara un exame final podendo subir a nota).

### **Criterios de recuperación:**

RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:

- Os exames de recuperación por avaliación, segundo criterio do profesor, realizarase na avaliación seguinte. A excepción da proba final de recuperación que se realizará no mes de xuño.

- A estrutura dos exames consistirá nunha batería de cuestións ou exercicios que se valorarán de 0 a 10 puntos. Poderán incluírse tanto cuestións de tipo práctico como teórico

RECUPERACIÓN FINA (no mes de xuño):

- O alumnado que no mes de xuño non teña supere a materia, terá que realizar unha proba teórico-práctica global baseada nos contidos mínimos. esta realizárase a última semana antes de que remate o curso escolar.

- Para o cálculo da nota da avaliación final, teranse en conta as prácticas e exercicios e a nota do exame de recuperación (proba teórico-práctica).

- A profesora comunicará aos/ás alumnos/as cando e como serán as recuperacións

## **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

# **1. SEGUIMENTO DO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.**

- Crearase un curso na Aula virtual onde cada avaliación se colgarán os apuntamentos e vídeos explicativos así como as tarefas correspondentes a ditos contidos.

- Se o alumnado ten algunha dúbida da materia utilizará como medio de comunicación a Aula virtual ou de forma presencial no 1º recreo dos martes.

### **2. UNIDADES DIDÁCTICAS**

BLOQUE I patrimonio artístico e cultural e debuxo técnico

BLOQUE II elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica

BLOQUE III expresión artística e gráfico-plástica. técnicas e procedementos

BLOQUE IV imaxe e comunicación visual.

### **3. CONTIDOS MÍNIMOS E TEMPORALIZACIÓN**

1º Avaliación

BLOQUE I patrimonio artístico e cultural e debuxo técnico

-Trazados xeométricos básicos.

-Ángulos

- Polígonos.

- Óvalos e ovoides.

2º Avaliación

- Tanxencias.

- Sistemas de representación: Vistas.

-Perspectiva isométrica

- Redes modulares. Módulo.

3º Avaliación

BLOQUE II elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica

BLOQUE III expresión artística e gráfico-plástica. técnicas e procedementos

#### 4. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

##### 4.1 Criterios sobre a avaliación

- Realizarase unha proba escrita por avaliación cunha puntuación máxima de 10.
- A proba estará baseada no grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
- O alumnado terá que traer o material de debuxo necesario para a realización da proba.

A avaliación basearase nos criterios de avaliación, cualificación e no grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia que están contemplados na PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2023/24

##### 4.2 Instrumentos de avaliación.

A porcentaxe das probas escritas será dun 80%.

O outro 20 % da nota de avaliación serán os diferentes exercicios e láminas que serven para reforzar a materia e para traballar a habilidade manual cos instrumentos. Estes exercicios e láminas terán que ser entregados dúas semanas antes da data da proba escrita. A non entrega destes traballos, así como unha presentación non adecuada de ditos traballos penalizará nesta porcentaxe do 20%.

En resumo, AS PORCENTAXES que supoñen os diferentes instrumentos de avaliación para a configuración da nota global de avaliación son:

- Proba escrita : 80 %
- Láminas e traballos: 20%

Durante a proba escrita, o comportamento debe ser o correcto; realizar calquera alteración que perturbe o normal desenvolvemento da proba pode supoñer a total anulación do exercicio ou da proba, sendo este (ou esta, segundo o caso) valorado cunha cualificación de 0 puntos para o infractor ou infractores.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

##### MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:

1. Supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.
2. En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de

actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

3. Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.

4. É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.

5. Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.

6. En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.

7. Alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.

8. Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

9. Alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

#### MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

1. Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

2. Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

#### MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

1. Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.

2. Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.

3. Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X				X			X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X				X			X
ET.4 - Competencia dixital.	X				X			X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos esenciais para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, así como as entregas de tarefas en prazo e forma.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Os museos albergan, cada vez máis, coleccións e exposicións permanentes e temporais relacionadas con diferentes disciplinas artísticas que son interesantes para o noso alumnado.			
Charlas informativas relacionadas con distintos intereses para o noso alumnado.	Charlas impartidas por todo tipo de profesionais que teñan certo interese no noso alumnado.			
Participación en premios e certames artísticos	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan no futuro a facelo, tamén.			
Realización de proxectos do departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como a revista do instituto, murais, a árbore de Nadal, o acto de graduación de fin de curso, Entroido, iniciativas como a arquitectura pedagóxica, os proxectos competenciais ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou doutros..			

### Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións e propostas de mellora.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación especialmente os criterios de avaliación.
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / Por parellas / En grupos reducidos / En grupos grandes.
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: non / de xeito individual / en grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / co alumnado.

<b>Metodoloxía empregada</b>
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / proponho actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
(M) Como paso as horas lectivas: Intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / observando / corrigindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitama o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilitanma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos / Exames orais / Traballo individual / Traballo en equipo.
(A) Que teño en conta para medir os resultados?: A nota final / O avance, tendo en conta a situación de partida.
<b>Clima de traballo na aula</b>
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
<b>Outros</b>
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome.
(M) Os exercicios que proponho son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretarala, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.

### Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.



- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso farase un seguimento da programación nas reunións de departamento onde se porá en coñecemento dos outros membros do departamento o grado de seguimento da programación e os posibles problemas cos que os profesores e profesoras se van atopando. Nese caso buscaranse solucións para poder mellorar a programación en cursos sucesivos.

Este seguimento verase tamén reflectido na Memoria final de departamento, onde se fai unha valoración da programación e as propostas para a mellora da mesma.

Unha vez rematado o trimestre e realizada a avaliación dos alumnos e alumnas e avaliaranse os resultados obtidos.

A resposta das seguintes preguntas servirá para reflexionar sobre a funcionalidade da programación:

ASPECTOS DA PROGRAMACIÓN A VALORAR E MODIFICAR:

1. Desenvolvemento dos obxectivos didácticos
2. Claridade dos estándares de aprendizaxe
3. Temporalización para cada estándar de aprendizaxe
4. Desenvolvemento dos contidos
5. Adecuación dos mínimos esixibles
6. Uso de diversas ferramentas de avaliación
7. Atención á diversidade
8. Uso das TIC
9. Inclusión de temas transversais
10. Actividades de carácter interdisciplinar
11. Adecuación dos materiais utilizados
12. Realización e adecuación das prácticas e tarefas
13. Calidade dos traballos dos alumnos/as
14. Porcentaxe de alumnos/as que superan a materia

## **9. Outros apartados**